

Protocolo do ilustrador

Este protocolo recolle unha serie de pautas básicas para unha colaboración profesional fluída entre editor e ilustrador. Está estruturado, case a modo cronolóxico, nos pasos que se deben seguir dende o momento en que se contratan os servizos dun ilustrador ata o fin da relación profesional. Esperamos que axude a disipar dúbidas e contribúa ó bo desenvolvemento da vosa actividade profesional no mundo da ilustración.

1. PROBAS OU MOSTRAS

A **mostra** de traballo dun autor é a visualización dun dossier con traballos a modo de book ou portafolio, e por suposto é gratuita. Se o editor ten dúbidas de cómo resolverá o ilustrador un determinado encargo pode solicitarlle unhas **probas**. Estas probas deben ser remuneradas independentemente de que o ilustrador acade ou non o encargo final. O editor debe informar ó ilustrador da cantidade que percibirá por face-las probas.

2. O ENCARGO; ESPECIFICACIONS

Unha vez escollido o ilustrador, o editor/a explicaralle en detalle qué tarefas se lle requiren. Antes de comezar o traballo quedará claro para ambas partes:

- **O número de ilustracións** que se precisan,
- **A complexidade ou estilo** das ilustracións (obxectos simples ou escenas complicadas, debuxos realistas ou esquemáticos, conceptuais ou técnicos, etc,...)
- **A técnica:** Tipo de impresión (branco e negro, bitono ou cor) e técnica gráfica empregada.

3. PRECIOS E PORCENTAXE DE DEREITOS

Desde a AGPI recomendamos usar como referencia os prezos marcados no **Libro Blanco de la Ilustración en España**, editado pola FADIP. Este libro recolle os prezos mínimos e medios da realidade do mercado estatal(1). Recomendamos non aceptar tarifas que estean moi por debaixo dos mínimos orientativos porque isto devalúa o traballo do ilustrador e do sector en xeral. Unha vez pactados os honorarios, o editor deberá informar ao ilustrador/a da porcentaxe de dereitos que percibirá a maiores pola explotación da obra. Está estipulado que o 10% do PVP dunha obra se destine ós autores. O escritor e o ilustrador repartíranse este 10% segundo o peso e relevancia dos seus traballos no conxunto da obra. (Desta porcentaxe non participan os directores de colección, xa que non son autores da obra). Os Ilustradores teñen dereito a percibir unha porcentaxe variable do PVP en concepto de dereitos de explotación e difusión. (2)

4. PLAZOS

Antes de comenza-lo traballo, o ilustrador ten que coñecer o prazo no que ten que realiza-lo encargo. Ambas partes deben comprometerse a respectar este prazo que comezará o día seguinte da recepción polo ilustrador do material remitido pola editorial necesario para comenza-lo traballo. Os retrasos na entrega de material por parte da editorial, ou de entrega de traballo polo ilustrador, poderán devir en penalizacións económicas que deberán ser equivalentes.

5. CORRECCIÓNS E MODIFICACIONS

En ocasións o traballo final debe ser sometido a correccións posteriores. Se unha ilustración non se axustase á descrición ou especificacións previas, o ilustrador/a fará as modificacións sen coste algún para o editor. Do mesmo xeito, se as correccións que se solicitan son debidas a especificacións posteriores á entrega do traballo, estas deben ser remuneradas ao ilustrador. Así mesmo, a editorial debe consultar co ilustrador no caso de que o editor se vexa obrigado a modificar de forma perceptible as ilustracións.

6. DATAS DE COBRO

Deberá especificarse a data do cobro do anticipo, (1- por adiantado, 2- mentras se está a facer o traballo, ou 3- ó remate do traballo). Unha demora de máis de 30 días trala entrega resulta dificilmente asumible por un profesional da ilustración. O compromiso inexcusable de entrega-lo traballo acabado na data solicitada debe implicar un compromiso igual por parte do cliente de pagalo na data acordada. Unha demora de máis de 30 días debería contemplarse no presuposto cun incremento do prezo, tomando como referencia a inflación ou os intereses que puideran terse xerado nese tempo.

7. FIRMA DUN CONTRATO OU PRESUPOSTO

Unha vez pactados os puntos anteriores chegou a hora de firmar un contrato(3) (ou no seu defecto un presuposto o máis completo posible). No contrato deberán figurar estas cláusulas básicas:

- **Confirmación do cliente de ter visto mostras ou probas.**
- **O número e características de ilustracións.**
- **Honorarios e percepción de dereitos pola difusión das mesmas.**

- Número de exemplares da obra.
- Ámbito territorial no que se empregarán as ilustracións.
- Soportes nos que será reproducida a obra.
- Prazos.
- Correccións.
- Datos de cobro.
- Penalizacións recíprocas ó ilustrador ou editor no caso de incumprimento de condicións.
- Período de vixencia do contrato.

Lembramos que cláusulas como a cesión de TODOS os dereitos por parte do autor á editorial “para toda a vida e incluso x anos despois do falecemento do autor”, “para todo o Universo” e “sobre todo soporte coñecido ou aínda por inventar” son CLÁUSULAS ILEGAIS e abusivas que determinan a nulidade do contrato.

8. CANCELACIÓN DO ENCARGO

Se por calquera circunstancia a editorial se vise obrigada a cancelar o encargo durante a fase de traballo, o editor debe lembrar que o ilustrador ten o dereito de cobrar o traballo realizado ata o momento e de recuperar o traballo entregado para que non poida ser empregado nun futuro vulnerando o contrato que se firmou.

9. TRAS O REMATE DO TRABALLO

Unha vez rematada a colaboración de forma satisfactoria para ambas partes, lembramos que o editor ten a obriga, por lei, de devolver ó autor as obras orixinais entregadas, posto que a propiedade da obra segue a pertencer ó autor xa que só se cederon os dereitos para a súa reprodución e difusión. Así mesmo, a explotación do traballo do ilustrador noutros soportes ou edicións alleas ó pactado no contrato deberá ser comunicada ó ilustrador para a súa debida negociación.

(1) Libro Blanco de la Ilustración gráfica en España, editado pola FADIP en colaboración coa Fundación Arte y Derecho, 2004.

(2) Libro de bolsillo / literatura en xeral entre un 2 e un 6%
Libro infantil entre un 4 e un 8%
Banda deseñada /cómics un 10%

(3) Podes descargar modelos de contratos na web de FADIP :
www.fadip.org

De interés: Cómo hacer un “book”



ilustración:
Almudena Aparicio

O noso “book” é a nosa carta de presentación e dirá moito de nós, polo que é necesario invertir nel. A carpeta de traballos ha de ser pulcra e profesional, convén ter una carpeta só para este fin, os traballos orixinais deben estar protexidos por fundas transparentes ou papel protector para evitar o deterioro. Para as reproducións non empregues papel de mala calidade: as impresións lucirán máis canto mellor sexa o papel.

É vital que SELECCIONES ben o traballo que inclúes: non leves mostras do que non queres facer. Non poñas copias ou versións de ilustracións doutros autores que fixeras como exercicio por diferente que sexa a técnica que usaras, demostra pouca orixinalidade e pode considerarse plaxio. O contido do book debe ser coherente pero tamén variado, senón poden encasillarte nun tema que non che guste. Non uses ilustracións vellas que non teñen que ver co teu traballo actual. Os clientes de ilustración son profesionais na súa rama, non é necesario que lles demostres que es un virtuoso. O máis complicado de facer un book é decidir qué queda fóra: pensa qué tipo de traballos queres facer e cal odiarías facer (por ben que o fagas), estes quedarán fóra.

Teu book é teu, non o deixes na editorial, non convén sobrecargar ós editores con máis papel: é mellor que deixes un CD ou un segundo dossier máis pequeno que servirá de recordatorio. Os encargos non chegan de inmediato: ten paciencia e non desesperes. Sé constante: chama con regularidade ó editor e faille unha nova visita cando renoves o book, non deixes de actualizalo cada certo tempo e teno sempre preparado por se o precisas con urxencia.